

MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

EDUCACIÓN INFANTIL

O PAZO A TRAVÉS DOS SENTIDOS _ 90’

Unha visita sensorial na que o alumnado descubrirá o Museo Municipal “Quiñones de León” a través dos cinco sentidos.

Mediante pequenos xogos e experiencias, explorarán como eran os espazos, obxectos e costumes da vida no Pazo.

Unha proposta lúdica para observar, experimentar e aprender a través dos sentidos.

EDUCACIÓN INFANTIL E 1º E 2º DE ED. PRIMARIA

DESCUBRINDO UN XARDÍN CON HISTORIA _ 90’

Unha visita lúdica polos xardíns do Museo Municipal “Quiñones de León” para descubrir as árbores, plantas e recunchos máxicos coas súas cores, formas e aromas.

A través da observación e da exploración, o alumnado coñecerá como era e para que servía este xardín histórico. A visita completárase cunha actividade práctica e creativa no taller.

ESTA ACTIVIDADE FARASE CANDO AS CONDICIÓNS METEOROLÓXICAS O PERMITAN



MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

1º E 2º ED. PRIMARIA

ÉRASE UNHA VEZ UN PAZO _ 90’

Unha viaxe no tempo para descubrir como era a vida no Pazo e canto cambiou ata os nosos días.

A través da visita e de actividades prácticas, o alumnado explorará os obxectos cotiás, a vestimenta da época, os medios de transporte, e as estacións do ano.

3º E 4º ED. PRIMARIA

DO PASADO AO PRESENTE: A VIDA NO PAZO _ 90’

A vida cotiá no Pazo será o eixo para descubrir como vivían os seus habitantes e comparar os seus costumes cos nosos.

Unha proposta para achegarse á historia desde o máis próximo e descubrir que cambiou e que permanece entre o pasado e o presente.



5º E 6º ED. PRIMARIA

UN PAZO, MOITAS VIDAS _ 90’

Conectaremos o pasado e presente desde unha mirada social e próxima á realidade do alumnado, conectando o pasado co mundo no que vivimos hoxe.

Traballaremos a diversidade cultural e familiar, os roles de xénero e os estereotipos asociados ás profesións, fomentando a reflexión sobre a igualdade e o respecto ás diferenzas.

3º A 6º DE ED. PRIMARIA

AS ORIXES DA CIDADE _ 90’

O alumnado visitará a Sala de Arqueoloxía para coñecer como vivían as persoas que habitaron Vigo desde a Prehistoria ata a época romana. Ferramentas, cerámicas, moedas ou estelas funerarias servirán como pistas para achegarse á súa vida cotiá, costumes e crenzas.

A visita completárase cunha pequena actividade práctica no taller para afianzar de maneira creativa o aprendido.



MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

ESO, BACHARELATO E F.P.

PEGADAS DO PASADO DE VIGO _ 90'

Unha visita á Sala de Arqueoloxía para achegar oo alumnado á historia de Vigo a través das pegadas materiais deixadas polas sociedades do pasado.

As pezas arqueolóxicas converteranse en fontes para interpretar como vivían, se relacionaban, comerciaban ou entendían a morte as comunidades que habitaron o territorio desde a Prehistoria ata a época romana.



ESO, BACHARELATO E F.P.

O PAZO CON OUTROS OLLOS _ 90'

Actividade deseñada para fomentar unha mirada crítica, achegándonos ás vidas das mulleres que estiveron vinculadas a Castrelos. A través das súas experiencias, o alumnado reflexionará sobre xénero, clase social, privilexios, educación, desigualdade, diversidade cultural e estereotipos, establecendo conexións entre o pasado e a sociedade actual.

Unha visita participativa que convida a cuestionar, debater e descubrir que detrás da historia tamén hai distintas formas de vivir, decidir e exercer o poder.



CMAG*VIGO (SEDE 2)

CASA DAS ARTES




3º A 6º ED. PRIMARIA

MIRAR A ARTE CON OUTROS OLLOS _ 90'

A magnífica colección de arte galega do Concello de Vigo está desde este ano exposta no novo espazo CMAG*VIGO. Nel poden ver moitas das obras mais destacadas dos artistas galegos.

Que nos contan as obras de arte sobre as persoas e a sociedade na que foron creadas? Con esta proposta convidamos ao alumnado a mirar máis alá do que aparece representado nunha obra de arte, descubrindo como a arte construíu ao longo do tempo diferentes imaxes sobre homes e mulleres, os seus corpos, os seus sentimentos, roles e formas de ser.

A visita á exposición completarase cun taller dinámico e creativo no que cuestionaremos estereotipos e transformaremos algunhas destas representacións para crear novas imaxes máis diversas, igualitarias e inclusivas.



A partir do 2º trimestre incorporaremos novas actividades no CMAG*Vigo sede 2 (Casa das Artes) e CMAG*Vigo sede 1 (Pinacoteca Francisco F. del Riego).